

ANEXO I

EXPOSICIÓN ITINERANTES DO MUSEO PROVINCIAL DE LUGO DISPONIBLES PARA O 2016

- *Coma silvas que comen muros*, exposición fotográfica de Iván Merayo.
- *Arquivo Walter Ebeling*, exposición fotográfica.
- Programa de investigación no Museo Provincial de Lugo: fondos arqueolóxicos:
 - Proxecto expositivo: *Cultura material do castro de Santa María de Castro, Cervantes, Lugo*.
 - Proxecto expositivo: *Percorridos pola colección numismática do Museo Provincial de Lugo*.
- *A colección de ourivería antiga do Museo Provincial de Lugo*.
- *A muralla no museo / The wall-a muralla (Peter Schneider)*.
- Coleccións de artes decorativas e etnografía: diversas coleccións de xoguetes e monecas entre outras.
 - *Colección de xoguetes*. Doada por D. José Luis Basanta Campos.
 - *Exposición: Colección de bonecos de trapo*. Doada por D.^a Elena Pardo Reguera.
- *Galiza un país de festas. Ritos e festivos singulares*.

ANEXO II

ESPECIFICACIÓNS DE PRÉSTAMO DA EXPOSICIÓ

COMA SILVAS QUE COMEN MUROS, EXPOSICIÓ FOTOGRAFICA DE IVÁN MERAYO .

Achega gratuíta da Deputación de Lugo-Museo Provincial de Lugo

1. Material expositivo composto por:
13 fotografías, 10 delas son horizontais de 70 x 40 cm. e 3 verticais de 70 x 45 cm.
2. Transporte do material.

Achega da parte solicitante

1. Sala despexada.
2. Promoción e difusión do evento no ámbito cultural e social inmediato.
3. Persoa de contacto.
4. Persoal de montaxe.
5. Seguridade/conservación.
6. Realización dun pequeno informe final, para incluír dentro da memoria de actividades anuais do museo.

Á vista das solicitudes presentadas e tendo en conta as súas propostas de datas, a determinación do calendario realizarase, de maneira conxunta, mediante proposta dos interesados e conformidade do museo, ao longo dos anos 2015-2016.

A duración máxima da mostra será dun mes prorrogable, de estar dispoñible, solicitude previa da parte interesada.

No caso de realizar presentación/inauguración da mostra, a entidade solicitante informará, coa debida antelación, da súa celebración, a fin de garantir a asistencia de representantes desta institución.

ANEXO III

SOLICITUDE DE PRÉSTAMO

En resposta ao ofrecemento realizado pola Área de Cultura da Deputación Provincial de Lugo, a través do Museo Provincial de Lugo, relativo á exposición itinerante “-----

”,achegámoslle Boletín de solicitude desta, para remitila, cuberta e asinada, ao Rexistro desta Deputación, aceptando, con iso, as especificacións contidas no prego de condicións adxunto.

Entidade solicitante	
Persoa de contacto	
Tlf. de contacto	
E-mail	
Datas estimadas	
Lugar de exposición	
Observacións	
Asdo.	